

MOVIMIENTOS SOCIALES: PERSPECTIVAS COMPARADAS

D. MCADAM / J. MCCARTHY / M.N. ZALD [ed.]
Madrid: Istmo. 1999
[527 páxinas]

Recibido: 4 setembro 2000
Aceptado: 10 outubro 2000

"La sociología avanzará en la medida en que su interés principal (aunque no exclusivo) esté en el desarrollo de las teorías de alcance intermedio, y se retardará si su atención primordial se centra en el desarrollo de los sistemas sociológicos totales".

R.K. Merton: *Teoría y estructura sociales*

Nas dúas últimas décadas, politicólogos, historiadores e sociólogos renovaron o estudo dos movementos sociais apoiándose en dúas correntes de investigación. Por un lado, a norteamericana, coas teorías de mobilización de recursos e do proceso político; por outro, a europea, coa teoría dos novos movementos sociais. Neste momento, ámbalas dúas tradicións están integrando os seus puntos de vista no que se cualifica como síntese emerxente.

Unha boa mostra desta converxencia é o libro *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*, dirixido por D. McAdam, J. McCarthy e M. Zald. Nel argumentase que a análise da acción colectiva se pode descompoñer en tres factores: a estrutura de oportunidade política (EOP), as estruturas de mobilización e os procesos enmarcadores. A primeira pretende dar conta da relación entre os movementos sociais e a política institucionalizada. Por estruturas de mobilización enténdese o conxunto de organizacións e redes informais que posibilitan a articulación dos movementos sociais. Finalmente, os procesos enmarcadores median entre estes dous elementos, ó non ser outra cousa que os significados compartidos e os conceptos utilizados polos participantes para defini-la realidade social.

Estes factores son, á súa vez, diseccionados en dimensións, co fin de que a análise gañe en operatividade. Pensemos, por exemplo, na EOP. Aínda que entre os especialistas non hai un acordo definitivo, pois porfían nun labor de precisión conceptual, si hai certo consenso en diferencia-las seguintes catro dimensións: I) grao de apertura ou peche do sistema político institucionalizado; II) estabilidade ou inestabilidade dos aliñamentos da elite; III) presenza ou ausencia de aliados entre as elites; e IV) capacidade do Estado para reprimi-los movementos sociais e a súa propensión a isto. Segundo a dirección que tomen estas dimensións, así serán as posibilidades de desenvolvemento dos movementos sociais.

No libro tamén se pode atopar unha boa mostra do conxunto de relacións exis-

tente entre oportunidades, estruturas organizativas e procesos enmarcadores. Así, por exemplo, os cambios na EOP serán aproveitados só se os actores que integran o movemento social os perciben como tales. Trátase, en suma, de darlle unha volta máis ó concepto para aumenta-la súa operatividade, ou afondar nun *xogo de estratexia* que se establece entre os protagonistas da acción colectiva e as autoridades.

Esta aproximación metodolóxica evita que os investigadores sexan vítimas da *falacia esencialista*, isto é, a suposición de que, dada unha definición de movemento social, estamos en disposición de capta-la súa esencia. Neste sentido, a división do evento macrosocial en factores e dimensións permite analiza-los mecanismos microsociais da acción colectiva. Ademais, posibilitase o labor de comparación xa que resulta factible estudar “*el fenómeno de la diversidad formal de los movimientos como una variable más, e intentar explicar estas divergencias buscando combinaciones concretas entre oportunidades, estructuras de movilización y procesos enmarcadores*”.

A obra estrutúrase en tres apartados, en función dos factores que destacamos. Todos eles se inician cunha introducción a cargo dun dos compiladores, onde se fai balance das contribucións máis destacadas e se esbozan posibles liñas de investigación. A continuación, sucédense unha serie de achegas, que van desde aproximacións teóricas ata estudos empíricos. Entre os autores destacan, ademais de D. McAdam, J. McCarthy e N. Zald, outros como S. Tarrow, D. Della Porta, A. Oberschall, A. Gamson ou B. Klandermans.

En definitiva, atopámonos ante unha completa introducción ás teorías de alcance medio dos movementos sociais, que pode resultar dun grande interese para os estudiosos dos movementos sociais na Galicia contemporánea, desde o agrarismo ata o ecoloxismo. E isto por un dobre motivo xa que, dada a insistencia da maioría dos autores na importancia da contrastación empírica, a súa lectura pode contribuír a corrixir un defecto dun número significativo de especialistas formados na tradición académica da socioloxía: a súa falta de preocupación pola investigación primaria. Como argumentou J. Goldthorpe en relación con numerosos estudos de socioloxía histórica, a natureza secundaria das fontes utilizadas adoita vir acompañada de certa arbitrariedade á hora de explica-los procesos sociais¹. Pero tamén por parte dos historiadores esta obra merece unha atenta lectura xa que lles ofrece unha ferramenta analítica moi rica e variada para baleira-la documentación.

PEDRO LAGO PEÑAS
Fundación 10 de Marzo

¹ Goldthorpe, J. (1991): “The Uses of History in Sociology: Reflections on Some Recent Tendencies”, *British Journal of Sociology*, 1991, vol. 42, núm. 2, pp. 211-230.